

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Daniel Mallo Castro
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta

NON ASISTE:

D. Diego Alcantarilla Rei

SECRETARIA XERAL:

D.^a Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezasete de agosto do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro e a Sra. concelleira D.^a María Dolores Pan Lesta.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.^a Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE AGOSTO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 9 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de agosto de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se dá conta de ningún.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 5 ao 10 de agosto do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1402/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1420/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1402/2022	05-08-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de agosto de 2022
1403/2022	05-08-2022	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 10 ao 12 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos
1404/2022	09-08-2022	Lista definitiva de admitidos e excluídos do concurso- oposición de axentes de protección civil interinos
1405/2022	09-08-2022	Aprobación Campaña de Nadal 2022
1406/2022	09-08-2022	Aprobación da actividade denominada XIV Xuntanza do Maior; das súas características, contidos e condicións de desenvolvemento.
1407/2022	09-08-2022	Designación integrante unidade técnica no expediente de Licitación da autorización administrativa para instalación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira con motivo do XXX Festival Rock in Cambre 2022.
1408/2022	09-08-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 78.802,07 euros
1409/2022	10-08-2022	Solicitude de María Olga Santos López, concelleira do grupo mixto, no que solicita copia informe Secretaría Municipal de data 28 xullo 2022
1410/2022	10-08-2022	Celebración voda civil o día 17 de agosto de 2022 ás 12 horas
1411/2022	10-08-2022	Celebración voda civil o 19 de agosto de 2022 ás 12:30 horas
1412/2022	10-08-2022	Celebración voda civil o día 20 de agosto de 2022 ás 13 horas
1413/2022	10-08-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MRCB
1414/2022	10-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SBP
1415/2022	10-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social recibo auga por importe de 46,26 euros. Solicitante: ADCM
1416/2022	10-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social recibo de gas por importe de 126,25 euros e recibo de auga por importe de 46,26 euros. Solicitante: MEG
1417/2022	10-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OPGF
1418/2022	10-08-2022	Denegar a axuda de emerxencia social alimentación a por non estar xustificada a situación de necesidade. Solicitante: FLCV
1419/2022	10-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer por importe de 360 euros. Solicitante: TPAS
1420/2022	10-08-2022	Declaración deseerto licitación da autorización administrativa para instalación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira con motivo do XXX Festival Rock in



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	Cambre 2022.
--	--------------

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López